

Síguenos en



4



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

Abril – Xuño 2014

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

ALFIN

Primeiro trimestre.

Neste primeiro trimestre centrámonos na axuda á realización dos Traballos de Fin de Grao. Realizamos 5 cursos de formación cada un de 6 horas de duración repartidas en dúas sesións: un curso para o Grao de primaria, outro para o de Educación social e tres cursos para educación infantil, xa que foi este o máis demandado. Un número total de 75 alumnas e alumnos. No curso impartido, **Habilidades na procura, xestión e comunicación da información para a realización dun TFG**, o alumnado aprendeu a seleccionar as fontes de información, realizar unha procura bibliográfica, avaliar a información, exportar os resultados a un xestor de referencias bibliográficas, crear unha bibliografía automática segundo o formato da APA, citar no texto, usar dun xeito ético a información (evitar o plaxio, utilizar imaxes de copyleft e uso ético dos datos obtidos nun traballo de campo), así como ferramentas para crear presentacións dinámicas, ou traballar na nube.



Impartíuse tamén un curso de formación ao alumnado de 3º de logopedia, a petición da profesora Teresa García Real, de 3 horas de duración, na que se formou a 40 alumnas e alumnos en xestión e recuperación da información para a realización dun traballo académico.

A Biblioteca, no seu blogue bibedu.blogaliza.org ten a disposición dos seus usuarios/as as presentacións dos distintos cursos que imparte, así como tutoriais para a utilización dos seus recursos.

Segundo Trimestre.

Continuaremos coa formación para o alumnado de TFG. A finais de abril e comezo do mes de maio serán os cursos para o Grao de logopedia, xa que non rematan o practicum ata esas datas. Hai dous grupos previstos.

Realizarase tamén a finais de abril un curso para alumnado do Mestrado Universitario en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa, a solicitude de Neves Arza.

Polo que se refire aos **TFG**, a Biblioteca xa rematou de colgar no RUC, repositorio institucional da UDC, os que se seleccionaron de 2013 e xaneiro de 2014, e tamén están xa no catálogo da mesma. Polo que están xa para a súa consulta en libre acceso.



Lembrede que podeades solicitar as formacións para o alumnado ou para o PDI na biblioteca e nós adaptaremos os contidos.

Tamén que tedes á vosa disposición o RUC para subir traballos de investigación e artigos.

A BIBLIOTECA NO TEU MÓBIL

Moitos dos recursos de información que proporciona a Biblioteca teñen aplicación para dispositivos móbiles. Tes que descargar as aplicación dende

o dispositivo  Android | 
iPad / iPhone o  Blackberry.

LEMBRA que se son recursos de pago deberás utilizar as túas credenciais.

- **O catálogo.** A aplicación UDCbiblio dispón dunha ferramenta para buscar no catálogo e outra para a xestión dos préstamos.
- **Bases de datos.** Coas plataformas EBSCO (Eric, Psycritiques, Medline, SportDiscus...), ISI Web of Knowledge ou Scopus.
- **Revistas:** JSTOR, Sciverse, SAGE Journals, Taylor & Francis...
- **Xestores de referencias:** **RefMobile** permite usar RefWorks dende un dispositivo móbil .<http://refworks.com/mobile> no navegador do dispositivo móbil, e acceder introducindo o Código de Grupo, nome de usuario/a e contrasinal. Tamén **Mendeley** ten versión mobil.
- **bX Hot Articles**, do que xa falamos anteriormente, é un servizo gratuíto que achega aos usuarios/as os “topo ten” de artigos académicos.

EXPOSICIÓNS.

Sala, peceras de creatividade e Recuncho de lectura

Durante o **primeiro trimestre** pasaron polas nosas vitrinas o cine pola paz, as mestras da República e o mundo do libro. E no noso Recuncho tivemos unha exposición de Ex-libris, con gravados orixinais de artistas galegos, españoles, portugueses e arxentinos, e a mostra “*Jogo de damas*”, de Renata Carneiro.

E unhas van e outras veñen:

David Manteiga, artista da cidade, expón unha serie de debuxos con impresión dixital, nos que a lembranza de Tanguy ou Dalí está moi presente.



Datas: do 1 ao 30 de abril.
Lugar: Recuncho de lectura

Teresa Pedroso. Artista portuguesa da que poderemos ver unha mostra de fotografía e cianotipia.



Datas: do 5 ao 30 de maio.
Lugar: Recuncho de lectura

Miriam Rodrigues, artista portuguesa que expoñerá os seus gravados, nos que as árbores son sempre as protagonistas.



Datas: do 2 ao 27 dexuño.
Lugar: Recuncho de lectura

Xohana Torres e “Adios María”. Exposición con motivo do inicio do clube de lectura da Biblioteca e do día do libro.



Datas: do 1 ao 30 de abril.
Lugar: Peceras de creatividade

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



No mes de marzo comezamos un clube de lectura e encontros literarios para toda a comunidade universitaria. Trátase dun clube virtual a través do blogue nebedaclubeleectura.wordpress.com

Complementan o clube unha serie de encontros literarios con escritoras e escritores do país que analizarán nunha tertulia cos membros do clube cada unha das obras propostas. Ademais realizaremos un cineclube moderado por Juan José Bueno Aguilar, no que proxectaremos películas e curtas relacionadas coa lectura do mes. Realizaremos tamén outro tipo de actividades culturais complementarias como lecturas dramatizadas, pequenas representacións teatrais ou exposicións. Entre os obxectivos do clube están: fomentar a lectura de obras de creación entre a comunidade universitaria, potenciar o coñecemento dos autores e autoras galegos, fidelizar lectores e lectoras, favorecer o espírito de crítica, socializar a lectura, animar á relación interxeracional a través da cultura, estimular a creatividade ou alimentar a lectura como ferramenta de emancipación persoal e social, imprescindible para a independencia na aprendizaxe continúa.

O clube conta coa colaboración de Iria Sobrino Freire, Patricia Carballal Miñán, Juan José Bueno Aguilar, e o escritor Francisco X. Fernández Naval. Coordinan o clube: Inma Doval Porto e María Gutiérrez Calvete. Ten axuda económica do SNL da UDC.

Comezamos con “**Adios María**”, de **Xohana Torres**



Encontro litetrario con **Dores Tembrás**
Datas: 28 de abril, ás 18 h
Lugar: Recuncho de lectura

Cineclube. Proxección de *Las cartas de Alou* de Montxo Armedáriz e Saïd de Lloreç Soler, que se debatirá xunto con Mamasunción de Chano Piñeiro.

Datas: 24 de abril, ás 17 h
Lugar: Recuncho de lectura



A seguinte obra será de **Julio Cortázar**, para unirmos á conmemoración do centenario do seu nacemento, e contaremos coa participación de **Francisco X. Fernández Naval**, gran conecedor da súa obra e que vén de publicar a tradución ao galego do conto “A autoestrada do sur” de Cortázar, e que ademais xa publicara en 2006 a obra “Respirar polo idioma: os galegos e Julio Cortázar”.